



ASUNTO: ANUNCIO POLO QUE SE COMUNICA A REANUDACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACION DE PROPOSICIÓNS.

No Diario Oficial de Galicia número 39 do xoves 27 de febreiro de 2020 publicouse a cédula do 12 de febreiro de 2020 pola que se anuncia o inicio do procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura MEKONG declarado en situación de abandono, que outorgaba un prazo de 20 días contados a partires do día seguinte ao da publicación para presentación de proposicións.

No cumprimento do disposto no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, o sábado 14 de marzo de 2020 o prazo para presentar proposicións quedou suspendido.

O Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece no seu artigo 9 que con efecto dende o 1 de xuño de 2020 o cómputo dos prazos administrativos que houberan sido suspendidos se reanudarán ou se reiniciarán se así se houbera previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas.

En consecuencia o vindeiro luns 1 de xuño de 2020 se reanuda o prazo de presentación de proposicións no procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque auxiliar de acuicultura MEKONG.

Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2020.

